

*A realidade social e vivencial da muller ourensá a comezos de século (1900-1930)**

ROSA MARÍA CID GALANTE**

Resumen:

En este artículo se analiza el marco social que va a rodear a la mujer ourensana a comienzos de siglo, determinando su imagen social, sometida constantemente a crítica y debate, debido tal vez a la importancia que se le atribuye como referencia para un nuevo tipo de sociedad. En definitiva, la prensa se hace eco de la preocupación o apoyo a las ideas de cambio en torno a la mujer demostrando que en Ourense va a calar muy lentamente la idea de mujer "nueva" perviviendo el concepto más tradicional sobre ella.

Abstract:

In this article we analyse the social framework which surrounded the woman from Ourense at the beginning of this century, determining her social image, constantly subjected to criticism and debate, probably due to the importance attached to her as a reference for a new kind of society. In short, the press echoed the preoccupation or support to the ideas of change surrounding women, making clear that in Ourense the idea of a "new" woman was going to gain ground very slowly, while a more traditional concept about her still persisted.

Consideración social da muller

A consideración que se ten da muller durante o primeiro tercio do século XX e o papel que se lle asigna na sociedade van ser unha traba constante que repercutirá no seu desenvolvemento persoal.

* Este artigo forma parte dunha tese doutoral en elaboración sobre a Alfabetización e Educación da muller na provincia de Ourense a comezos de século, matriculada no Departamento de Historia, Xeografía e Arte da Facultade de Humanística da Universidade de Vigo. Dita tese está dirixida por Carmen Benso co beneplácito do Departamento de Historia.

** Profesora de Secundaria de Historia no I.E.S Lauro Olmo de O Barco de Valdeorras

Será no Antigo Réxime cando se consolide a idea de que o lugar que debe ocupar a muller con respecto ao home é o de subordinación e sometemento, por ser esta inferior a el en todos os niveis. Moitos filósofos axudaron a asentir as bases deste razoamento¹. Esta idea perdurará durante o século XVIII, a pesares de que comeza neste momento a vindicación dos dereitos da muller onde se vai rexeitar a idea da feminidade imposta pola cultura patriarcal. No século XIX as transformacións socioeconómicas son cada vez maiores e os cambios comezan a operarse, non obstante segue emerxente o *ideal feminino* das mulleres dentro do fogar e dependendo do seu home. En definitiva, chegamos a comezos do século XX e as raíces profundas destas ideas fan difícil a súa extirpación de aí que se manteñan por un tempo prolongado en loita coas que de novo emerxen.

Á muller imprímesele un carácter de docilidade que se ensalza e se engrandece como virtude: "...El hombre se distingue por su robustez, la fuerza corporal y el poder de su inteligencia. La mujer por su sensibilidad, el afecto, la caridad, etc..."², argumentación que servía para evitar as reivindicacións dos dereitos negados: "...¿Las facultades de la mujer se desarrollan lo mismo que las del hombre? ¿Goza la mujer de iguales derechos y tiene los mismos deberes? Nadie ignora que no..."³. Por outro lado, non deixaban de aparecer posturas en contra e debátese abertamente no Congreso Pedagóxico Hispano Luso-Americano do ano 1892 onde ante a pregunta de se o home e a muller tiñan os mesmos dereitos 492 votos afirmaban que si, 100 foron contrarios e 56 abstivéronse⁴. Esta disxuntiva vai ser característica e constante ao longo destes primeiros anos e as ideas vellas confróntanse ás novas que apostarán por unha muller distinta en todos os ámbitos, de tal xeito que socialmente se aprecie unha opción intermedia para ir asimilando paulatinamente os cambios⁵.

¹ DOMINGUEZ JUAN, M^a Milagros, *Representación en las revistas femininas*, Universidad Complutense de Madrid, Facultad de Ciencias Políticas y Sociología, Departamento de Teoría Sociología, Madrid, 1988, pp XIII. Esta autora introduce o seu estudio facendo alusión á consideración de grupo subprivilexiado das mulleres que todas as sociedades mantiveron argüindo que para elo se buscaron razóns biolóxicas, relixiosas, filosóficas... Alude a filósofo como Platón que considera á muller un ser escravo, Crisóstomo que a considera bestia salvaxe nociva, Aristóteles como un home enfermo e Ortega e Gasset que fai alusión de que a muller relega a súa felicidade en beneficio dos desexos do home; SAN ROMAN GAGO, Sonsoles, "La justificación teórica de la maestra analfabeta en el pensamiento de Rousseau y Kant. Influencia en la política educativa posterior", *Revista de Educación*, N^o 305, 1994, pp. 191-213. Esta autora fai un estudio a cerca do pensamento destes dous filósofos e da súa concepción sobre a muller. Para os dous esta dependía totalmente do home sendo este quen controle o comportamento da muller por estar carente de luces segundo Rousseau. Kant nembargantes é menos duro pois confire á muller a posibilidade de conservar a especie. Non obstante para os dous a muller tiña unha natureza diferente e inferior á do home; LANGA LAORGA, Alicia, "Proudhon y su concepción tradicional del papel de la mujer" en *Actas de las Jornadas de Investigación Interdisciplinaria: Mujeres y Hombres en la formación del pensamiento occidental*, Volume II, Universidad Autónoma de Madrid, 1989, pp. 247-256. Fai un estudio pormenorizado da opinión de Proudhon sobre a muller considerándoa un ser pasivo, menos intelixente có home polo tanto non considera xusto que se fale de igualdade de dereitos para os dous sexos.

² MARTINEZ LOPEZ, Manuel, "Destino de la mujer", *La Región*, 8-5-1919, p. 1

³ Ibid.

⁴ CONDESA DE CAMPO ALANGE: *La mujer en España-cien años de su historia-*, Madrid, 1964, pp. 163-164; nota 5 de BARRERA PEÑA, M^a Luísa y LOPEZ PEÑA, Ana, *Sociología de la mujer en la universidad: Análisis histórico-comparativo Galicia-España 1900-1981*, Dirección de Miguel Cancio, Universidad de Santiago, Monografías de la Universidad de Santiago de Compostela, N^o 92, 1984, pp 89-90.

⁵ CAPEL MARTINEZ, Rosa M^a, "El modelo de mujer en España a comienzos del siglo XX", en *Actas de las VII Jornadas de Investigación Interdisciplinaria: Mujeres y hombres en la formación del pensamiento occidental*, Volume II, Ediciones de la Universidad Autónoma de Madrid, Madrid, 1989, p. 317.

Ourense terá a súa particular forma e ritmo á hora de ir adoptando os cambios. En principio a sociedade ourensá non será menos á hora de considerar á muller como persoa subordinada ao home. Ourense, como provincia eminentemente agrícola e de interior e cun gran peso da tradición, contaba con menos posibilidades para abrirse paso a novas ideas conformando así un inmobilismo social que a caracterizará en toda esta época⁶. A prensa vehiculaba esta mentalidade ao mesmo tempo que podemos dicir que a fomentaba.

“Las leyes de la Naturaleza son inmutables, la psicología de los hombres y mujeres, producto fundamental de su fisiología y de su anatomía correlativas nos enseña que quíerose o no se quiera, pese al pervertido feminismo de extra- viadas marimachos, el varón, tiene por ley de naturaleza, predominio en el alma de la mujer... El macho abate siempre a la hembra, debe abatirla, es la ley sabia de Dios Creador”⁷.

“...La gracia, el amor mismo de la mujer está en su dependencia, su fuerza es su debilidad, su poder en su derecheo a estar protegida”⁸.

A muller, polo tanto, se ten que estar relegada ao home, tamén estará relegada ao fogar, ou espacio privado⁹, mentres que o home será o que se desenvolva no espacio público.

“A la mujer, más que el gran mundo, le cuadra ese otro abreviadísimo donde se encuentra la modesta felicidad correspondiente a nuestra tímida naturaleza, el hogar, he ahí el verdadero mundo...”¹⁰.

⁶ Vid. VALÍN FERNÁNDEZ, Alberto J.V., *Laicismo, Educación y Represión en la España del siglo XX. (Ourense, 1909-1936/39)*, A Coruña, 1993, p.187. Alude este autor á situación socio-económica de Ourense a comezos de século. Fala dunha sociedade caracterizada por unha estrutura estamental estando á cabeza o Bispo, que exercía unha importantísima influencia na vida e mentalidade da sociedade ourensá do momento, seguido polos curas, caciques, banqueiros, comerciantes e decadente fidalguía... que configurarían un ambiente pechado anque argumenta que na cidade se aprecia un interese e predisposición positiva ás novas correntes filosóficas e ideolóxicas do momento pola situación intermedia entre Castela e Galicia Sur e Portugal. BENSO CALVO, Carmen, “La condición sociolaboral y educativa de la mujer ourensana en el primer tercio del siglo XX (1900-1930)”, *Minius*, IV, 1995, pp. 151-172. No artigo recóllese o ambiente social do momento na provincia e na capital ourensá coincidindo co anterior autor en que existía nestes anos unha tendencia pouco aperturista e mantendo as estruturas sociais e económicas propias de épocas pasadas.

⁷ TORRUBIANO RIPOLL, Jaime, “El voto de las mujeres y el deber de los hombres”, *La Zarpa*, 8-11-1933, p. 1.

⁸ BALBO, “Para la mujer”, *La Región*, 18-7-1928, p.1

⁹ CIEZA GARCIA, J. Antonio, “Mentalidade y educación en España durante el primer tercio del siglo XX”, *Revisa de Historia de la Educación*, 5, 1986, 199-316. Indica neste artigo que a muller debe asumir os roles de ser sumisa e nai perfecta e calquera ocupación extradoméstica poñería en perigo a esencia da familia. Alude ao Código Civil de 1889, vixente aínda nestes anos, que esixía ó home ser xefe indiscutible da familia co deber de protexer á muller que lle debe obediencia en todo. O home é quen administra os bens e representa á muller, necesitado esta licenza para acudir a actos sociais. TORRUBIANO RIPOLL, Jaime, *op.cit.* (not. 7), p. 1.

¹⁰ DOCAMPO BLANCO, Leopoldo, “Escuchemos el lenguaje de la mujer”, *La Región*, 15-10-1932, p.3.

O espacio destinado á muller: o fogar e a familia

O fogar formará parte do espacio asignado á muller, que é o estrictamente privado¹¹. Nel desenvolverá uns deberes domésticos incompatibles cun traballo fóra deste. Considérase que o traballo supón un perigo para o fogar e a unión familiar... “*La emancipación femenina de estos últimos tiempos-así creemos que se llama- igualando en las profesiones a los hombres y a las mujeres, aparta también del hogar a las hijas de familia...*”¹². Na provincia de Ourense hai unha baixísima porcentaxe de mulleres que realicen nestes anos un traballo fóra do fogar¹³.

Distribución da poboación ourensá por sectores de actividade

Figura 1

| | 1900 | | 1920 | | 1940 | |
|--------------------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|
| | H | M | H | M | H | M |
| Agricultura | 58 | 30,4 | 55,03 | 9,5 | 60,5 | 6,3 |
| Industria | 3,1 | 1,2 | 3,1 | 0,6 | 4,7 | 0,45 |
| Comercio | 0,7 | 0,24 | 0,86 | 0,05 | 2,3 | 0,1 |
| Exército | 0,55 | - | 0,41 | - | 1,5 | - |
| Adm.pública | 0,29 | - | 0,4 | - | 0,22 | - |
| Culto católico | 0,66 | 0,06 | 0,43 | 0,06 | 0,40 | 0,17 |
| Xudiciais | 0,26 | - | 0,18 | - | 0,15 | - |
| Médicos | 0,19 | - | 0,12 | - | 0,15 | - |
| Docentes | 0,15 | 0,17 | 0,29 | 0,11 | 0,51 | 0,46 |
| Arquitectos | 0,04 | - | 0,01 | - | 0,02 | - |
| Artistas | 0,01 | - | - | - | 0,04 | - |
| Servicio doméstico | 0,56 | 2,06 | 0,03 | 0,40 | 0,34 | 1,02 |
| Desamparados | 0,46 | 0,62 | 0,12 | 0,04 | 1,24 | 0,24 |
| Traballo doméstico | 2,3 | 38,06 | - | - | - | - |
| Membros de familia | - | - | - | 60-25 | - | 69,66 |
| Retirados | 0,18 | 0,041 | 0,13 | 0,01 | 0,16 | 0,01 |
| Estudiantes | 12,17 | 8,5 | 9,21 | 6,5 | 22,94 | 17,2 |

FONTE: Elaboración propia. *Censo de la Población de España de 1900*, Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes, Tomo IV, Madrid, 1903, pp. 74-75, 174-175. *Censo de la Población de España de 1920*, Ministerio de Trabajo, Comercio e Industria, Dirección General de Estadística, Tomo IV, Madrid, 1924, pp. 130-133, 350-353. *Censo de la Población de España de 1940*, Ministerio de Trabajo, Dirección General de Estadística, Tomo XIII, Madrid, 1940, pp. 13-23, 31-41.

¹¹ Sobre este tema contamos con traballos interesantes de RUBIO HERRAEZ, Esther e MAÑERU MENDEZ, Ana, “El género como categoría de análisis de la Educación”, *Revista de Educación: Mujer y educación*, Nº 290, 1989, páx. 7-20, onde fan unha análise de como o capitalismo comercial e industrial foi cando se estableceron con forza as dicotomías de público/privado, traballo remunerado/traballo doméstico, traballo/non traballo, produción/reproducción, sociedade/fogar... Tamén FOLGUERA, Pilar, “Mujer y cambio social” en *Ayer*, Nº 17, 1995, páx. 155-171, fai un estudio das transformación sociais durante o período 1914 e 1936, centrado en Madrid, referidos aos espazos públicos e privados e de como estes últimos dependen, en canto delimitación, da clase social e ingresos familiares. É moi interesante pois analiza que se entende por espazo privado nas casas de vecindade onde se falaría de multifuncionalidade de espazos, e nas casas aristocráticas onde establece tres espazos establecendo cales son os asignados á muller e o papel que nel representa.. En definitiva di referíndose a estes dous espazos que : “...son como receptores de una realidad social y como inductores de los cambios sociales que se definen en la sociedad española durante estos años”(p. 158). SCANLON, Geraldine, *La polémica feminista en la España contemporánea (1868-1974)*, Madrid, 1986, p. 59.” CIEZA GARCÍA, J. Antonio, *op. Cit.* (not. 9), p. 304-305.

¹² “Hay que defender la familia”, *La Región*, 22-11-1925, p. 1.

¹³ BENSO CALVO, Carmen, *op.cit.* (not. 6), pp. 154-164. Profundiza no estudio da situación da capital ourensá segundo a ocupación laboral da poboación facendo fincapé no traballo da muller ourensá, establecendo unha relación directa cos niveis de instrución e alfabetización. As conclusións ás que chega son de gran interés por canto alude a que nestes anos Ourense preséntase como unha cidade de estrutura case aínda medieval e moi lonxe do proceso modernizador e industrial de tal xeito que isto non ofrece alternativas suficientes dándose unha distribución do traballo feminino en labores ligados á actividades domésticas ou a actividades do campo sendo inexistentes as adicadas a actividades de carácter liberal.

Segundo estes datos a adicación principal da poboación ourensá é a agricultura. Sponse que nela a muller participa de igual forma que o home aínda que so é no censo de 1900 onde aparece rexistrada. Posteriormente a muller terá algunha representatividade en certos sectores industriais como o de costurerías, panadeiras, leiteiras, etc... e de servizos como o de dependentas, criadas, docentes... profesións que lle son abertas e que se adaptan perfectamente á "idiosincrasia" feminina¹⁴. No resto dos oficios a representatividade é apenas perceptible. A muller aparece rexistrada maiormente no fogar. No censo de 1900 aparece o apartado denominado **traballo doméstico** (que hai que diferenciar do apartado de Servicio Doméstico) que se asimila ao traballo dentro da casa e neste rexístranse aproximadamente un 38,06% das mulleres se a isto lle sumamos o 30% das rexistradas na agricultura (que como parece deducirse trátase máis ben do traballo dentro do ámbito familiar) fai un total dun 68,06%. En definitiva, hai aproximadamente un 64% de homes fronte a un 4% de mulleres que traballan fóra do fogar. No censo de 1940 parece obviarse o traballo das mulleres na agricultura e de aí a diferenza porcentual neste apartado entre o censo de 1900 e os de 1920 e 1940. Nos censos de 1920 e 1940 fábase de **Membros de familia** e é aí onde parecen incluírse ás mulleres, de tal xeito que hai aproximadamente un 70% de homes traballando fronte a un 8,68% de mulleres que conste que estean traballando fóra do fogar. Con estes datos corrobórase a pouca participación da muller na produtividade ourensá pón-dose de manifesto o mantemento dunha mentalidade que aboga pola muller no seu espazo privado e:

"...no tiene reposo ni puede ser feliz, sino siéndolo la familia que constituye para ella un mundo de delicias. Allí tiene deberes penosos que cumplir, pero también experimenta los más dulces placeres; allí

ejerce de soberano dominio en los corazones, sembrando generosos sentimientos y alimentándolos con llamas de la religión que dan fuerza para resistir los embates de este mundo..."¹⁵.

Esta reclusión da muller no fogar facía que a súa vida social fora moi limitada, permitíndoselle asistencia a actos relixiosos, inauguracións "*para alegrar y también para poner una nota embellecedora y entusiasta*"¹⁶ visitas a casas de coñecidos para tomar o te¹⁷, paseos, etc... todo isto gardando unhas composturas estritas. Sen embargo, apreciábanse cambios que serán duramente criticados como a asistencia a cafés públicos, entregadas ao vicio de fumar, do xogo, etc... así como a

¹⁴ CAPEL MARTINEZ, Rosa M^a, *El trabajo y la educación de la mujer en España (1900-1930)*, Madrid, 1986, p.54. Esta autora no segundo capítulo da que é a súa tese doutoral aborda as consecuencias da incorporación da muller ao traballo no primeiro tercio do século XX que, segundo ela, van crear mentalidades e intereses contrapostos sobre unha base educacional diferenciada entre o neno e a nena inculcándose pasividade, obediencia e abnegación á nena, fronte a audacia e intelixencia do neno para ter sobre el o futuro da sociedade.

¹⁵ MARTÍNEZ LÓPEZ, Manuel, "Destino de la mujer" en *La Región*, 8-5-1919, p. 1.

¹⁶ DEMETRIO, "Los Hermanos Prieto", *La Región*, (2944) Alude á inauguración na vila de Carballiño do Novo Asilo de Ancianos Pobres a onde acudiron o "elemento femenino".

¹⁷ "De cómo debe servirse el té", *El Miño*, 19-2-1904, p. 4. Especifica con detalle como ten que servirse o te e que orden hai que seguir para manter a elegancia e os bos costumes.

¹⁸ "Hagan juego señoras", *La Región*, 28-8-1924, p. 1;"V.YEBRA, M, "La crisis del hogar", *La Región*, 9-9-1925, p. 1; "El laicismo desenfrenado va a dejar a la mujer sin pedestal y además sin aureola", *La Región*, 23-7-1927, p. 1;"Hay que volver al hogar", *La Región*, 30-12-1936, p.1

moda dos paseos nocturnos¹⁸.
O obxectivo da muller

O obxectivo destas mulleres será o matrimonio¹⁹, considerándoo o seu seguro de vida xa que “a muller non está formada para valerse por si mesma”. Isto traerá como consecuencia a proliferación de matrimonios máis ben convenidos para saír da situación de penuria tanto de solteiras como de viúvas que quedaban en malas condicións económicas:...*las mujeres conocen las dificultades que la vida les ofrece para casarse, y se casan como sea y con quien sea en cuanto se presenta la ocasión...*”²⁰; ou ben para manter o nivel ou status da familia de cada cónxuxe²¹. Ditos matrimonios conducen a unha perda da liberdade da muller caendo sobre ela unha serie enorme de responsabilidades que serán máis duras canto menos sentimentalismo e entrega haxa nese matrimonio²².

No ano 1900 a porcentaxe de mulleres casadas con respecto a poboación feminina que se considera xa casadeira, é dicir, maior de 15 anos, era dun 55,6% e no ano 1940 era dun 57,55%²³. Tratábanse de matrimonios relixiosos onde a noiva luciría o seu traxe, xeralmente negro con velo branco. Pero as ideas liberais que se introducían fan que o matrimonio se “desacralizara” facendo que nalgúns casos comezara a reempzarse polo matrimonio civil²⁴.

Estes matrimonios son buscados dende idades moi tempranas e en Ourense constátanse mulleres casadas aos 15 anos. A tendencia é considerar que a muller aos 24 anos debería estar casada e se aos 29 anos aínda non o estaba incluíriase no grupo das designadas “solteironas”. Isto debía supoñer un certo trauma para as mulleres imprimíndolle certo carácter reservado, de resentimento, de muller envexosa da situación que gozan outras mulleres casadas, anoxada coas amigas que casan, curiosa por coñecer aqueles malos casamentos das súas amigas... en definitiva vaise aillando paulatinamente²⁵ e con profundas contradicións, por un lado, desexando aquilo que non conseguiron e por outro tratando de negalo e re-

¹⁹ SCANLON, Geraldine, *Op.cit.*, (not. 11) ,p. 58; CAPEL MARTINEZ, Rosa M^a, *Op.cit.* (not. 14), p. 52; *Op. cit.* (not. 5), p.313.; LOPEZ-CORDON CORTEZO, M^a Victoria, “La situación de la mujer a finales del Antiguo Régimen (1760-1860)”, *Mujer y Sociedad en España (1700-1975)*, Ministerio de Cultura, Estudios sobre la Mujer, Madrid, 1986, p. 81; SAN ROMAN, Sonsoles, *Las primeras maestras. Los orígenes de la feminización en España*, Barcelona, 1998, pp, 26, 165, 185-191; GOMEZ-FERRER MORANT, Guadalupe, “La imagen de la mujer en la novela de la Restauración; ocio social y trabajo doméstico” en *Mujer y Sociedad en España (1700-1975)*, Ministerio de Cultura, Estudios sobre la Mujer, Madrid, 1986, pp. 147-174.

²⁰ ARCEDIANO, Elena, “El matrimonio y el amor”, *La Zarpa*, 24-1-1931, p. 1

²¹ SAAVEDRA, Pegerto, *A vida cotiá en Galicia de 1550-1850*, Servicio de Publicacións e Intercambio científico, Universidade de Santiago de Compostela, Serie Galicia, Santiago de Compostela, 1992, pp. 148-149. O autor indica que efectivamente moitos casamentos eran de trato onde os tíos e pais compuñan matrimonios de comenencia pois este resultaba ser unha estratexia hereditaria. Non é que non existiran matrimonios de amor sempre e cando estes estivesen a mercede da comenencia da familia. Esta afirmación do autor aínda que sexa en base aos costumes do Antigo Réxime, hai que dicir que perduraron no primeiro tercio do século XX.

²² *Ibid.*

²³ Datos elaborados a partir dos Censos de Poboación.

²⁴ COELLO, Francisco. “Acción Católica en la familia”, *La Región*, 29-9-1922, p. 1.

²⁵ “Anales de una mujer desdichada”, *La Región*, 7-2-1925, p.3.

²⁶ GOMEZ-FERRER MORANT, Guadalupe, “La imagen de la mujer en la novela de la restauración: ocio social y trabajo doméstico I”, *Mujer y Sociedad en España (1700-1975)*, Ministerio de Cultura, Estudios sobre la Mujer, 1986, p. 158.

xeitalo. A solteiría das mulleres tamén supuña un deber de gardar a moralidade²⁶ e moitas ampáranse na relixión manifestándose fervorosamente devotas. Noutros casos a soltería podía provocar a búsqueda doutra vía de escape de tinte trágico como é o suicidio. Segundo datos que ofrece o diario *La Región*, tomados á súa vez de *El Imparcial*, indican que os suicidios producidos en España durante os anos 1912-1917 son protagonizados nun 41,64% por mulleres solteiras, o 39,31% por casadas e o 17,88% viúvas. O autor deste artigo aduce que é a solteiría a que conduce ó suicidio e matiza que en Ourense as cifras non son tan elevadas (aínda que non o sabe con certeza) porque é unha das provincias de España con maior número de matrimonios²⁷.

A deshonra de moitas solteiras podía vir por quedar embarazadas e para ocultalo podían recurrir ao suicidio²⁸, ao infanticidio unha vez nacido o neno²⁹ ou á provocación do aborto, polo visto bastante numerosos na provincia, levados a cabo por falsos médicos ou comadroas perigando a vida das mulleres ou incluso morrendo no intento³⁰.

Pero era o abandono do neno na Inclusa unha forma recorrente para desembarzarse do fillo non desexado evitando así a ignominia. Este abandono non é tanto por cuestións económicas, pois moitas das mulleres que abandonan o neno na Inclusa gozan de boa posición, senón por cuestións morais e sociais. Interesante é o debate que se suscitou en Ourense a cerca da Inclusa protagonizado polos defensores de pechala e os defensores de mantela aberta. A Vicepresidencia da Comisión Provincial postulaba pechar a Inclusa pois consideraba que o maior continxente de nenos naturais era proporcionado polas mulleres de clase máis elevada indicando que estas tiñan o instinto maternal inferior ao das clases máis humildes. Eran pois aquelas, que debido á educación recibida e ante o temor do deshonor e vergonza, fan que abandonen aos fillos³¹. A outra postura opónse a este peche argumentando que a razón principal do existir das Inclusas é a defensa das criaturas ilexítimas que quedan expostos a unha morte por parte destas nais que queren evitar ter que inscribilo e facelo público. Reforzando esta última postura faise mención do caso de Inglaterra onde non descendeu o número de fillos ilexítimos pola inexistencia das Inclusas. En definitiva, a causa principal estará na falta dunha educación sólida da muller que faga sobrepoñerse á vergonza de ter fillos ilexítimos chegando a extremos como o xa mencionado do infanticidio³².

Observamos como a soltería era un estado proclive a acarrear máis dalgunha consecuencia grave o que facía que as mulleres trataran por todos os medios de evitala. Pero non faltan mulleres que, gracias á súa capacidade para aprender a ganarse a vida, non temeran á solteiría, preferindo esta a un matrimonio incompatible³³. Non obstante, en Ourense, se observamos a porcentaxe de mulleres no mundo laboral por sectores, deduciremos que non podemos pensar nunha autén-

²⁷ R.M, "De estadística", *La Región*, 6-8-1919, p. 1.

²⁸ "Sucesos: Joven se suicida", *La Región*, 29-5-1918, p. 2.

²⁹ "Por ocultar la deshonra. Descubrimiento de un infanticidio", *La Región*, 7-5-1918, p. 2.

³⁰ PEÑA REY, Manuel, "Del aborto criminal en Orense", *La Región*, 22-10-1929, p. 3.

³¹ E.A, "El torno de la Inclusa", *La Región*, 24-1-1920, p. 1

³² "Réplica a don E.A.", *La Región*, 27-1-1920, p. 1

³³ CHAITOR, Lavy, "La actitud de la mujer moderna respecto al matrimonio", *La Zarpa*, 14-11-1929, p. 7.

tica emancipación da muller na provincia dado que aínda no ano 1940 seguía sen destacar en ningún posto laboral que lle permitira valer por si mesma sendo asemade unha porcentaxe moi baixa de mulleres que traballaban.

O matrimonio ía ligado aos termos de "dona, nai e familia". Unha vez casada, a muller pasaba directamente a desempeñar a súa función dentro da familia. Debía ser honrada e fiel. As veces este incumplimento daba lugar a que o home actuase criminalmente contra elas se descubría unha infidelidade³⁴.

Esta vida familiar das mulleres e todos os compromisos que conlevaba creaba unha engranaxe difícil de desfacer, de tal xeito que o divorcio non era recorrente por ser a muller educada para estar subordinada ao home. É obvio que o divorcio neste tipo de sociedade non se tolerara nin se regulamentara. A primeira polémica do divorcio xorde no 1904 da man de Carmen de Burgos pero non se fará efectiva ata a II República cando se legisla a Lei do Divorcio. A partir de entón, no ano 1932 en Ourense houbo 75 demandas de divorcio ocupando o posto vixésimo terceiro de toda España. Supuña un índice de 9,5 divorcios por cada 100 matrimonios³⁵. O tema do divorcio arrastrou tras de si unha forte polémica da que a prensa se facía eco. A Acción Católica da Muller recibiu unha carta da secretaría xeral da Unión Católica feminina de Italia dirixida á súa Secretaria, pedindo unha oración para que non se chegara a aprobar a lei do Divorcio en Italia, que naqueles momentos se estaba a debatir nas Cámaras³⁶. O Papa tamén condenou esta lei argumentando que o socialismo reinante no momento facía aniquilar a fe conxugal³⁷. Desde este momento tamén dentro do noso país hai duras críticas ao respecto.

A muller nai

O papel principal que desempeñaba a muller neste momento era o de nai. O concepto de nai ennoblécese atribuíndoselle tales caracteres relixiosos que son consideradas cooperadoras de Deus na terra para armonizar o mundo³⁸ e tamén son vistas como aquela forza que con amor impulse e guíe aos fillos correctamente iniciándoos nos preceptos básicos dunha sociedade patriarcal. Todo elo aínda carecendo de letras e de ilustración³⁹. Tan ennoblecida era o labor das nais que os acontecementos negativos na sociedade do momento era atribuídos a aquelas nais que non souberon desempeñar correctamente o seu papel.

"...El malestar social que hoy sufrimos, por concatenación de causas y efectos, acusa como causa principalísima, a las madres que no han sabido o non

³⁴ "Muerte de una adúltera", *La Región*, 23-3-1919, p 2.

³⁵ ALBERDI, Inés, *Historia y sociología del divorcio en España*, Centro de Investigaciones Sociológicas, Madrid, 1979, pp. 85, 97-98.

³⁶ "Contra el divorcio", *La Región*, 28-9-20, p. 1

³⁷ "Voz del Papa: Divorcio", *La Región*, 5-8-1920, p. 1

³⁸ PAGÁN, Angel, "Como influye la mujer", *La Región*, 28-12-1918, p.1.

³⁹ "Heroísmo materno", *La Región*, 17-7-1928, p. 1.

han querido educar debidamente a sus hijos. Los malos ejemplos que les han dado, el consentirlo todo y disculparlo, la dejación, en suma, del ejercicio de sus derechos autoritarios, han sido la causa de que se fueran formando esas juventudes en ambiente de libertad desenfadada, de rebeldía moral y de despreocupación social que ahora presenciamos, padecemos y lamentamos.”⁴⁰.

Neste seo familiar incúlcase unha educación diferenciadora entre os homes e as mulleres que o integran⁴¹. Á filla comézaselle a inculcar unha serie de comportamentos e actitudes que darán os seus froitos nun futuro matrimonio e nun futuro labor de nai, de tal xeito que durante xeracións garantízesese esa aprendizaxe quedando asegurado o orden establecido.

- “1- Ama a tu madre sobre todas las mujeres
- 2- No abriges pensamientos que no pueda conocer tu madre, ni cometas actos que ella no deba ver.
- 3- Sé, en tu casa, la que con amor y alegría desvanezca amarguras y atenúe tristezas.
- 4- Piensa en ser modesta, antes que bella y siempre buena.
- 5- Ten convicciones sinceras, fe pura, conocimientos sólidos e inagotable caridad.
- 6- Trabaja en el hogar como si no tuvieras el auxilio de tu madre. Obra toda tu vida como si estuviera presente.
- 7- Aprende el arte de escuchar con paciencia, habla sin encolerizarte, sufre y goza sin extremo, y tendrás mucho conseguido para ser feliz.
- 8- Acostúmbrate a ver en tu casa la mejor de las residencias y en tus padres los mejores amigos.
- 9- Trata y quiere a todos, hermanos, deudos y criados como a hijos. No olvides que la que no es buena amiga, no será buena esposa, y que la que no es buena hija, no podrá ser buena madre”⁴².

O número de fillos é indicativo para apreciar o valor que se lle concede á maternidade. En Ourense o groso das mulleres tiñan máis de tres fillos pero moitas delas chegaban a ter máis de doce. O seguinte cadro permítenos apreciar a porcentaxe de mulleres que teñen de 0 a 12 fillos.

Se analizamos os datos da capital dos dous decenios observamos que a porcentaxe de mulleres que non tiñan fillos no 1920 era maior que no 1930 tal vez debido á crise de 1918 provocada pola gripe que faría frear a natalidade. Asimesmo é interesante indicar que se aprecia unha lixeira subida de porcentaxe de mulleres que teñen de 3 a 12 fillos en 1930 con respecto a 1920, e un descenso nas que teñen entre 1 fillo e 2. En canto o promedio de fillos por muller apenas apreciamos diferencias entre os dous decenios senón pequenos matices que en certa medida poden ser explicados atendendo a que en 1920 hai certa diferenza entre a media

⁴⁰ KTORKAL, E. “Las madres”, *La Región*, 30-11-1932, p. 4.

⁴¹ CAPEL MARTINEZ, M^a Rosa, *El trabajo y la educación ...op.cit.*, p. 39.

⁴² “Decálogo de la hija”, *La Región*, 5-8-1920, p. 1

Porcentaxe de mulleres que teñen en 0 e máis de 12 fillos

Figura 2

| | 1920 | | 1930 | |
|-------------|---------|-----------|---------|-----------|
| | Capital | Provincia | Capital | Provincia |
| 0 fillos | 18,75 | 11,13 | 12,18 | 7,3 |
| 1 fillo | 14,6 | 13,47 | 12,70 | 11,53 |
| 2 fillos | 13,42 | 14,01 | 12,67 | 13,23 |
| 3 fillos | 11,77 | 12,78 | 12,58 | 13,05 |
| 4 fillos | 9,75 | 12,11 | 9,88 | 11,69 |
| 5 fillos | 8,20 | 9,83 | 8,30 | 9,79 |
| 6 fillos | 5,27 | 8,32 | 6,18 | 7,76 |
| 7 fillos | 4,66 | 5,9 | 5,09 | 5,64 |
| 8 fillos | 3,67 | 4,7 | 3,85 | 4,12 |
| 9 fillos | 3,38 | 2,9 | 2,90 | 2,67 |
| 10 fillos | 1,89 | 1,9 | 2,16 | 1,66 |
| 11 fillos | 1,06 | 1,06 | 1,24 | 0,88 |
| + 12 fillos | 3,16 | 1,53 | 3,22 | 1,31 |

FONTE: Elaboración propia. *Censo de la Población de España de 1920*, Ministerio de Trabajo, Comercio e Industria, Dirección General de Estadística, Tomo IV, Madrid, 1924, pp. 296-299. *Censo de la Población de España de 1930*, Ministerio de Trabajo, Comercio e Industria, Dirección General de Estadística, Orense, Madrid, 1930, pp. 14-29.

da capital e a media provincial onde vai haber máis fillos por muller casada. En 1930 as diferencias entre a capital e a provincia son mínimas, apenas 0.2 puntos, e destacamos que o promedio provincial está por baixo do promedio da capital, fenómeno que pode explicarse polo efecto da emigración que provocará o descenso

Promedio de fillos por muller casada

Figura 3

| | Capital | Provincia |
|------|---------|-----------|
| 1920 | 3,7 | 4,2 |
| 1930 | 3,9 | 3,7 |

FONTE: Elaboración propia. Fontes citadas anteriormente. Censo de 1920, pp. 293, 299. Censo de 1930, pp. 21, 29.

so da natalidade

En xeral é apreciable que o maior número de fillos por muller casada (léase familia numerosa) dáse na provincia, probablemente por considerar que os fillos poden colaborar nas tarefas da casa e do campo⁴³, algo propio das sociedades fortemente rurais e campesiñas como a de Ourense neste primeiro tercio de século.

Un dato constatable dende o Antigo Réxime en toda Galicia é que o número de


⁴³ SAAVEDRA, Pegerto, *Op. cit.* (not. 21), p. 137. O autor apunta este aspecto característico na vida cotiá galega a idea de que os fillos fosen "gañando o seu pan".

⁴⁴ SAAVEDRA, Pegerto, *Op.cit.* (not. 21), páx. 127-128.

fillos por matrimonio non é moi elevado⁴⁴ e a pesares de que en Ourense, nesta época concreta, si hai familias de máis de cinco fillos e de dez, tamén hai un cuantioso número que teñen poucos fillos ou non os teñen. Alúdese, para explicar este fenómeno, á lentitude dos matrimonios á hora de ter fillos⁴⁵, isto en Ourense non se chega a apreciar e vexamos por que. Segundo os datos que nos ofrecen os Censos, en 1920 había na capital 261 mulleres casadas menores de 25 anos, das cales o 27,20 % non tiñan fillos, o resto, é dicir, o 72,79% si os tiñan ou os tiveron . Na provincia había 3.799 mulleres casadas das cales o 28,34% non tiveron aínda fillos, o resto, é dicir, o 71,66% si os tiñan. En 1930 había na capital 436 mulleres casadas menores de 25 anos das cales un 19,95% non tiñan aínda fillos. Na provincia había

Mulleres casadas menores de 25 anos


Figura 4



FONTE: Elaboración propia a partir das fontes citadas

Mulleres menores de 25 anos casadas con ou sen fillos (capital)

Figura 5




FONTE: Elaboración propia a partir das fontes citadas.

⁴⁵ SAAVEDRA, Pegerto, *Op.cit.* (not. 21), páx. 128.

Mulleres menores de 25 anos casadas con ou sen fillos (na provincia)

Figura 6



FONTE: Elaboración propia a partir das fontes citadas.

7217 mulleres menores de 25 anos casadas das cales o 15,65% non tiñan fillos.

Pode apreciarse que entre estes dous decenios o número de mulleres casadas aumenta e os matrimonios das mulleres en idade inferior a 25 anos son máis en 1930 que en 1920, e tamén vai descender a porcentaxe de mulleres menores de 25 anos que non teñen fillos. En definitiva, non se aprecia a lentitude á hora de ter fillos como tampouco o descenso de nupcialidade e o aumento da idade do matrimonio ou o que é o mesmo non se aprecia o matrimonio tardío⁴⁶ pois en Ourense aumenta o número de mulleres que casa antes dos 25 anos e a maioría xa ten fillos. Os outros factores aludidos como causantes dunha media de fillos baixa son o proceso de urbanización, o crecemento económico, as dificultades para emigrar, etc...⁴⁷ pero en Ourense tampouco serven para argumentar estas medias porque o proceso urbanizador era lento, como tamén o vai ser o crecemento económico, e, en canto a emigración, seguía a ser o recurso de moitos homes e mulleres ourensáns.

Froito da incultura reinante, as mulleres embarazadas non debían gardar os debidos coidados. Artigos diversos na prensa do momento indican que non se preocupan pola alimentación adecuada durante o estado de xestación perxudicando ao neno. Non coidan de procurar descanso e continúan o traballo nas leiras incluso ata o momento de dar á luz⁴⁸. O interese que revestía este tema facía que en Ourense se falase das medidas que deberían adoptar as mulleres para evitar os accidentes tanto durante o embarazo como despois do parto. Publicáronse para tal fin numerosas Cartillas cun carácter informativo. Pero as precarias condicións económicas e tamén culturais para ler tales libros fixo adoptar outra medida moi interesante que foi a de fundar Institucións gratuítas para que a muller pobre puidera consultar calquera trastorno que se presentara durante o período de embara-

⁴⁶ LÓPEZ-CORDÓN CORTEZO, M^a Victoria, *Op. cit.* (not. 19), p. 59. Esta autora á hora de explicar o fenómeno do escaso número de fillos por muller indica que en España non acontece o que no resto de Europa onde se dan os matrimonios tardíos.

⁴⁷ CIEZA GARCÍA, José Antonio, "Mentalidad y educación en España durante el primer tercio del siglo XX", *Revista Historia de la Educación*, 5, 1986, páx. 307.

⁴⁸ SAAVEDRA, Pegerto, *Op. cit.* (not. 21), p. 128.

⁴⁹ PIÑA, M, "A cerca de los Consultorios gratuitos para embarazadas", *La Región*, 21-3-1919, p. 1.

zo. Todo isto coa finalidade de evitar mortes de mulleres e fillos⁴⁹.

Para ter os fillos, as mulleres ourensás da provincia tiñan como recurso na maioría das veces a comadroa. Unha vez tido o fillo existía unha preocupación por parte dos médicos pola súa criazón porque se consideraba que esta non se realizaba nas debidas condicións. Efectivamente non era para menos pois había moitas mulleres que tiveran un cuantioso número de fillos e todos chegaron a falecer. Os índices de mortandade son altos, sen apenas diferenza entre decenios, anque afortunadamente, tenden a descender lenta e paulatinamente. Segundo os datos, prodúcese máis mortandade na capital que no resto da provincia pero, pola contra, tende a descender máis rapidamente a porcentaxe de fillos mortos. Sorprende que haxa familias moi numerosas que perden a todos os fillos por iso non é de extrañar a preocupación que se sucitou entorno ao tema.

Porcentaxe de fillos que falecen

Figura 7

| | Capital | Provincia |
|------|---------|-----------|
| 1920 | 30,3% | 21,9% |
| 1930 | 26,4% | 20,9% |

FONTE: Elaboración propia a partir das fontes citadas.

Un dos problemas máis graves era o do raquitismo. Algúns médicos da provincia aproveitan para lanzar recomendacións indicando cal debía ser o procedemento para alimentalo, pala telo limpo e para indicarlles en que casos deberían levalo ao médico⁵⁰.

Nestes anos en Ourense destaca a asociación **“La Gota de Leche”** dirixida por Lino Porto quen fai fincapé nas medidas que as nais deben adoptar ante a crianza dos seus fillos en base a estudos feitos sobre a mortalidade infantil. O seu director dende 1913 viña ocupándose deste asunto como xa fixeran outros. Centrábase primordialmente na educación da muller neste campo, que segundo el, adolece de descoñecementos. Para o cal ve como posible solución que tanto mestres como mestras sexan formados tamén en contidos puericultores para que á súa vez poidan dar charlas semanais en leccións nocturnas ás nais dos diferentes pobos de Ourense . E en efecto parece ser que no Partido de Xinzo se levou a cabo esta experiencia dando bos resultados pois as nais acudían entusiasmadas⁵¹. Lino Porto debeu actuar comprometidamente neste senso e reiteradamente solicitaba do Concello subvencións para a “Gota de Leche” coa finalidade de ateder ás nais pobres e aos nenos desvalidos.

En Ourense non había moitas mulleres que criaran aos seus fillos por medio dunha Ama de Cría. Estas eran reclamadas para a Inclusa cobrando 65 pesetas ao mes máis manutención⁵². As características dunha boa Nodriza estaban en ser unha muller que criara a fillos, que gozara de boa saúde, que fose forte, morena,

⁵⁰ DOCTOR ULECIA, “Notas útiles, consejos a las madres”, *La Región*, 25-4-1918, p. 2. GIL SASTRE, Emilio, “Consejos del médico. El raquitismo”, *La Región*, 13-6-1918, p. 1

⁵¹ PORTO, Lino, “De puericultura”, *La Región*, 4-1-1918, p. 1.

⁵² “Amas de cría”, *La Región*, 26-5-1927, 3.

⁵³ COLLAR, Dr. J., “Para las madres. Amas de cría”, *La Región*, 19-7-1923, p. 3.

alta, limpa, de peito turxente, etc...⁵³.

A muller e a relixión

A relixión xogaba un importantísimo papel na concepción sobre a muller, marcándolle os pasos que debería seguir como o de ser practicante, recatada e activa dentro da igrexa. Ourense encadra moi ben este tipo de muller sumamente relixiosa que cumpre co deber de católica practicante asistindo a todo tipo de eventos relixiosos co decoro esixido.

“Engalanamos hoy estas páginas con unha bella fotografía que dice eloquentemente del fervor religioso de la mujer ourensana... Como un jirón de noche, cae la mantilla sobre sus frentes pálidas, velando la gracia hermética de esas dos mujeres que llevan en su pecho reminiscencias árabes.

Solas, en la calma angusta del templo, con las miradas fijas en el Redentor del mundo, parecen estas dos mujeres, de rostros bellísimos, la encarnación misma del fervor ourensano. Así son, en efecto los sentimientos de nuestras mujeres. Así las hemos visto todos muchas veces cuando, anhelantes, doblan las rodillas ante el Cristo de la Misericordia, y ponen en los labios palabras sentidísimas, súplicas mejor dicho , que dicta el corazón...”⁵⁴.

Semana Santa

Figura 8



FONTE: *La Región*, 8-4-1928

⁵⁴ V., “Religión y Arte”, *La Región*, 8-4-1928, p. 1.

Como mulleres manifestamente activas existían en Ourense unha serie de Asociacións relixiosas centradas principalmente na capital anque tamén tiñan a súa extensión en diferentes concellos da provincia

- Orden Tercera
- Juventud Antoniana
- Las Hijas de María
- Las Damas de la Buena Prensa
- Hijas de la Caridad
- Marías de Orense
- Las Marías de los Sagrarios
- Liga de Señoras de Acción Católica
- Las Damas de la Cruz Roja

As súas actividades ían encamiñadas fundamentalmente a obras de caridade como a de traballar polos máis necesitados, así a Asociación Antoniana e a Orden Tercera conseguiron a creación dunha Casa Social para alberge nocturno de mulleres do servizo que estaba situada na rúa da Paz, nº 16. Tamén organizaban festivos co fin de recaudar cartos para os pobres, para os anciáns do asilo, nenos e reclusos do correccional, e ofrecían almorzos aos nenos pobres. As Damas de la Cruz Roja daban tés a beneficio dos nenos tuberculosos. A Acción Femenina de Ourense creou unha Escola de Instrucción primaria instalada nun local na rúa Libertad, conforme aos preceptos da moderna pedagogía onde recibían instrucción máis de 130 nenas de clase humilde. Nese mesmo lugar acollían ás mulleres do servizo cando estaban enfermas ou sen colocar, dándolles algún subsidio cando o permitía a economía da Asociación. En Carballiño organizaron unha Escola Dominical para obreiras e en Ponte Canedo organizaron comedores de asistencia social. Organizaban novenas en honor aos seus respectivos patróns, exercicios espirituais para as mulleres e participando moitas como catequistas animadas e voluntariosas.

Todas estas asociacións tratan de servir de exemplo a todas as mulleres de Ourense co interese de inculcarlles un comportamento esmeradamente relixioso, pudoroso e de alto grado moral pois considerábase que sobre a muller descansaba o peso dunha sociedade que deba estar formada relixiosamente. Arremeten con dureza contra aquelas que se amosan inmorais, que se deixan guiar por lecturas “corruptas” ou modas indecorosas.

Todas estas actividades relixiosas cobrarán moita máis forza a partir do Franquismo pois atopará o apoio necesario para a súa ideoloxía⁵⁵.

A muller e a moda

A forma de reflexar ao exterior esa moral pudorosa das mulleres é a traveso

⁵⁵ Vid. RODRIGUEZ DE LECEA, Teresa, “Mujer y pensamiento religioso en el franquismo”, *Ayer*, 17, 1995, pp. 173-200. NICOLAS MARIN, M^a Encarna, LOPEZ GARCÍA, Basilisa, “La situación de la mujer a través de los movimientos de apostolado seglar: la contribución a la legitimación del franquismo(1939-1956)” *Mujer y Sociedad en España (1700-1975)*, Ministerio de Cultura, Estudios sobre la Mujer, Madrid, 1986, pp. 365-389.

da súa indumentaria. Coas características dunha moral taciturna concordan uns tipos de vestidos de cores moi sobrios que busquen o recato chegando os seus vestidos aos nocelos e por suposto sen escotes; os abrigos anchos e os sombreiros pouco ostentosos. Non deben faltar a mantilla sobre un cabelo longo e recollido en trenzas á hora de acudir á igrexa..

Pero nestes momentos penetran tendencias no vestir que rompen esta imaxe adusta buscándose formas máis alegres. Imponse o gorro máis feminino de terciopelo e abrigos case cinguidos. Nos vestidos de festa dáse opción a cores como o negro, lila, verde, dourado, e os escotes poden ser en pico ou redonde e en canto ó "ruedo" os picos e festóns se impoñen. Os vestidos de visita deben gardar a sobriedade coas cores de moda, saias con vo e mangas longas rematadas nun puño anudado, logo unha longa túnica de crespón satén branco traballado. As mulleres comezan a buscar a delgadez e cortan o longo pelo con cortes máis modernos. Estas tendencias despuntaban máis pronto na capital pois era na cidade onde podían chegar as noticias das tendencias da moda do momento. Seccións tituladas "Crónica de modas", "Las modas y las mujeres" ou "La mujer y la moda" do diario La Región, e tamén "La mujer, la moda y el hogar" do diario La Zarpa ofrecían ampla información ao respecto.

Estes cambios de indumentaria e o avance da moda tería unha significación sustancial se supuxera unha certa liberalización do encorsetamento social ao que estaba sometido a muller, pois o feito de despoxarse de certa roupa podería indicar un desexo de ser unha muller rebelde coa tradición. Non obstante na maioría dos casos ese seguimento da moda non deixaba de ser un mero cambio externo e accidental, a pesar do cal resultou unha preocupación máis para certas opinións públicas do momento.

Con todo a traveso da prensa hai unha campaña dende diferentes frentes contra esta moda e baixo o título de prensa "La mujer y la moda", "Crónica de moda", pero sobre todo o titulado "Cruzada urgentísima" do diario La Región comezan a darse opinión ao respecto reclamando a necesidade dunha Cruzada por parte da muller para voltar ao recatamento e descartar a denominada "tiranía da moda" que conduce a convertirse en mulleres indecorosas e pervertidas polo luxo. Os máis ferventes loitadores proveñen de representantes da Igrexa. O Papa dicta unhas normas precisas de como deben ir as mulleres á igrexa⁵⁶ e se non adoptan estas medidas as mulleres non poderán entrar no templo, non serán admitidas á recepción dos Santos Sacramentos, non poderán ser madriñas de bautismo, nen poderán participar á Xuntas de Asociacións piadosas⁵⁷. En Ourense comézase a notar esta influencia moderna no vestir pero parece que non foi ben aceptado pois as propias asociacións relixiosas fan crítica deste cambio, así como a opinión dada por membros da Igrexa ou particulares que se atreven a reflexionar na prensa co ánimo de crear opinión, e non falta quen sinta añoranza daquelas Semanas Santas onde a muller ía con todo o recato posible:

"...y lo mismo las ourensanas, con sus veinticinco alfileres, si, pero (sin esco-

⁵⁶ PUCCI, Enrique, "El Papa y la moda indecente", *La Región*, 28-8-1923, p.1.

⁵⁷ FIGUEIRAS, P.José, "Las extralimitaciones de la moda", *La Región*, 18-10-1924, p.1.

tes, ni faldas a la rodilla, ni otras exageraciones de la moda) desfilaban por nuestras calles con buena compostura... Faltan los trajes clásicos de mujer "a la española", faltan las mantillas como se llevaban entonces..."⁵⁸.

As Institucións políticas, se supón que guiadas por esa influencia eclesiástica, axudaron a reducir esas tendencias na moda e puxéronlles traba chegando incluso a multar a dúas mulleres con 25 pesetas por ir de forma indecorosa e chamativa⁵⁹.

Indumentaria femenina

Figura 9



FONTE: *La Zarpa*, 20-2-1927

⁵⁸ YEBRA, Modesto, "La Semana Santa en Orense (hace treinta años)", *La Región*, 24-3-1921, p. 2.

⁵⁹ "Suceso", *La Región*, 24-4-1922, p. 2.

Preocupación pois que leva a ocupar na prensa ourensá as follas de portada e é que o tema da muller parece requirer unha atención especialísima tanto por parte daqueles que queren ofrecer unha opinión en contra ou a favor do cambio de imaxe social da muller, unha loita que nestes primeiros anos do século será moi propio debido á converxencia e enfrontamento das vellas coas novas ideas. A pregunta que nos asalta é a seguinte: ¿Por que ese protagonismo da muller na prensa con artigos adicados á ela e sobre ela? cicais a resposta poida vir dada por ser a muller un eixe especialmente importante para conformar un determinado tipo de sociedade (tradicional e/ou moderna) coa evidente diferenciación entre elas no motor da historia e do seu desenvolvemento